

A FONSAGRADA*Anuncio***Aprobación inicial do orzamento de 2019**

O Pleno Municipal da Corporación, na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2019, acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico 2019, xunto con toda a documentación que o integra, aprobar as bases de execución e o cadro de persoal e conformidade co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse desde o seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións/alegacións que consideren pertinentes dirixidas ao alcalde. Se non se presentasen estas, o orzamento considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público, para resolver as reclamacións/alegacións. Estas consideraranse desestimadas se non se resolvesen no acordo de aprobación definitiva.

A Fonsagrada, 1 de marzo de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 0642

FOZ*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 4/2019, Modalidad “Suplemento de crédito 03/2019”**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 03/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 01 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0643

*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 3/2019, Modalidad “Suplemento de crédito 02/2019” para facturas de exercicios pechados.**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 02/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 01 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0644

*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 2/2019, Modalidad “Suplemento de crédito 01/2019”**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 01/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 1 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0645

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 28/02/2019, o Presuposto Municipal para o exercicio económico de 2019, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles - que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa - Presidenta desta Corporación.

Lourenzá, 1 de marzo do 2019.- A ALCALDESA, ROCÍO LÓPEZ GARCÍA.

R. 0646

RIBADEO

Anuncio

ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 27/11/2018 de modificación da ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

1. MATRÍCULA

Cota de inscrición ou alta ABOADO:	40,31€
Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada):	13,43€

2. COTAS ABOADOS

a) Complexo deportivo (carácter anual)	Cota mensual
- Individual adulto (+16 anos)	32,26€
- Individual infantil (-16 anos)	13,43€
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	13,43€
- familiar	40,31€

3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)

- entrada adulto:	5,38€
- entrada infantil:	3,38€
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado:	3,38€

4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)

- 15 usos adulto:	40,31€
- 15 usos infantil:	24,18€
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado:	24,18€